

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2013/09
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 9 de agosto de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **9 de agosto de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.
D. Xavier Campos López

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredo.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D.José Manuel Yañez Dablanca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario en funcións:

D. José Rodil Veiga

Interventor en funcións:

D. José Vázquez Cupeiro.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.34.- EXPEDIENTE PARA CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO AO RIBADEO F.C. CON MOTIVO DO CENTENARIO DENDE A SÚA CRIACIÓN.

Dase conta do ditame da Comision Informativa que a continuación se indica:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe:

Por esta Alcaldía-Presidencia en relación ao expediente incoado para a concesión da medalla de Ouro do Concello ao clube de Fútbol RIBADEO F.C. con motivo do seu centenario dende a súa fundación.

Visto o informe de instrucción formulado polo Sr. Concelleiro Delegado no que se xustifican dabondo os méritos que concorren na entidade deportiva RIBADEO F.C. para se facer acreedora, con ocasión de se cumpriren cen anos dende a súa fundación, do galarón proposto,

Visto que o Concello aprobou con data 9 de maio de 2005 un Regulamento Especial de Honras e Distincións do Excmo. Concello de Ribadeo que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 169 de 26 de xullo de 2005, constituíndo unha norma de carácter regulamentario vixente.

Visto que se teñen cumpridos os requisitos básicos do procedemento previsto.

Visto que regulamentariamente, de conformidade co disposto no artigo 22 da citada norma municipal o que procede agora é que se adopte un acordo Plenario en sesión extraordinaria co voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación, debendo resolverse sobre a procedencia ou non da concesión, motivado nos méritos, cualidades e circunstancias singulares da persoa xurídica neste caso, que se propón distinguir, e debendo procederse posteriormente á entrega da distinción que se acorde, en acto público solemne en pleno extraordinario convocado ao efecto, e nos termos en que se sinale no acordo plenario anterior procurándose outorgar publicidade dabondo ao mesmo.

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL, que en sesión plenaria extraordinaria convocada ao efecto se acorde:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo ao club de fútbol RIBADEO F.C. polos motivos expostos, con ocasión de cumprirse cen anos dende a súa fundación.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a Proposta de referencia nos propios termos da mesma.”

Sen promoverse deliberación a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria, á vista do expediente instruído conforme ao Regulamento Especial de Honras e Distincións deste Concello e documentación obrante no mesmo, acorda:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo ao club de fútbol RIBADEO F.C. polos motivos expostos, con ocasión de cumprirse cen anos dende a súa fundación.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade.

2013.02.35.-EXPEDIENTE PARA ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DE RIBADEO DE CONFORMIDADE CO ESCRITO RECIBIDO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do escrito recibido con data 2 de xullo de 2013 da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia a fin de que o Concello inicie novo expediente para elección de Xuíz de Paz titular no prazo de 3 meses de conformidade co artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial, así como de que no suposto de que o Concello acordara non iniciar expediente de elección se interesa que se participe ao Tribunal para adiantar o nomeamento.

Previa deliberación entre os membros da Comisión, por unanimidade dos membros da mesma acórdase ditaminar como proposta de acordo ao Pleno o inicio do expediente e apertura de prazo para formular solicitudes co obxecto de proceder á elección por parte do Concello do xuíz de paz e comunicar ao Tribunal Superior de Xusticia de Galicia este acordo aos efectos procedentes.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos termos indicados de iniciar o

expediente e apertura de prazo para solicitudes para que polo Concello se proceda á elección do xuíz de paz titular de Ribadeo.

2013.03.36.-MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DA MARIÑA LUCENSE.-

Dase conta do ditame da Comisión que se transcribe:

“Pola Alcaldía-Presidencia explícase aos membros da Comisión que no día de hoxe recibiu unha chamada para que se remitise o acordo plenario sobre a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Mairña Luguesa xa que aínda non se remitira e que Ribadeo é un dos concellos que falta para realizar posteriormente a tramitación oportuna.

A modificación consiste na renuncia dos Concellos de Abadín e Viveiro a formar parte da referida Mancomunidade e co obxecto de non demorar o asunto ata a celebración do Pleno ordinario de setembro podería adoptarse acordo no Pleno extraordinario que se vai convocar para o día 9 de agosto.

A Comisión Informativa ponderando as circunstancias, por unanimidade dos seus membros, acorda dada a urxencia da emisión do acordo, ditaminar de xeito favorable a modificación dos Estatutos de referencia.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación á modificación de referencia dos Estatutos da Mancomunidade da Mariña Luguesa.

Rematado o asunto, intervén a Concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.López-Braña Freije para facer algunha puntualización co obxecto de que se reflexione sobre as funcións e actividades da Mancomunidade, promovéndose deliberación entre diferentes membros da Corporación sobre diversas cuestións plantexadas en relación ás actividades e servizos que desempeña ou pode desempeñar a Mancomunidade así como sobre as cotas que se aboan en función da poboación, etc.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO EN FUNCIONES,